



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Adxudicación da parcela 7 das Hortas de C. de Mirabel - lista de agarda
EXPEDIENTE: 2019/G003/000293

Por Resolución da Alcaldía do 25 de abril de 2019 (res 851) acordouse declarar a extinción da adxudicación da parcela número 7 das Hortas urbanas de Campos de Mirabel, da que era adxudicatario D. Rafael Villasuso Bouza, e requirir a D. Jacobo Botas Díaz, DNI ***0645**, membro da lista de agarda aprobada pola Resolución da Alcaldía do 16 de xaneiro de 2019 (res 28/2019), para que aportase, debidamente actualizada, a documentación á que se refire o artigo 11 do Regulamento das hortas urbanas municipais, no prazo de 15 días, a contar desde o seguinte ao da notificación da Resolución.

Dita Resolución foille debidamente notificada o 26/04/19. Na mesma data, o interesado aportou a documentación requirida (registro de entrada 2593).

Á vista da documentación aportada polo interesado, e as comprobacións realizadas de oficio, de acordo co disposto nos artigos 11 e 15 do Regulamento das hortas urbanas municipais, en virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a parcela núm. 7 das Hortas urbanas de Campos de Mirabel, de acordo co disposto no Regulamento das hortas urbanas municipais, a D. Jacobo Botas Díaz, DNI ***0645**.

A concesión terá duración ata o 22 de xaneiro de 2020, no que se cumpre a data dun ano da sinatura da primeira acta de inicio de actividade, logo da adxudicación (Resolución da alcaldía de 16 de xaneiro de 2019), e poderá ter unha prórroga dun (1) ano, que terá que ser solicitada cunha antelación mínima dun(1) mes, anterior á finalización da concesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Segundo.- Notificar a presente Resolución ao interesado, requiríndolle para que acuda á Casa Consistorial a asinar a acta de inicio de uso da parcela, establecéndolle un prazo de 15 días, a contar desde o seguinte ao da notificación da presente Resolución.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz